



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 15/2019

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA DEZAOITO DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

En Ordes, a dezaeito de decembro de dous mil dezanove.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. AÍTOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Non asisten:

- D. PAULA CASTENDA BLANCO.
- D. GONZALO VEIRAS CASTRO.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás catorce horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, de data 28 de novembro de 2019, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria de data 28 de novembro de 2019, resultou aprobada por maioría de trece votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

PUNTO SEGUNDO: TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRO DE D. AÍTOR RIBADAS GÓMEZ.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Dada conta polo Sr. Alcalde da remisión pola Xunta Electoral Central da credencial expresiva da designación como concelleiro do Concello de Ordes de D. Aitor Ribadas Gómez, por estar incluído na lista de candidatos presentada por Unión por Ordes (UxO) nas eleccións locais de 26 de maio de 2.019, en substitución por renuncia de D^a. Alba Regos Mata.

Seguidamente o Sr. Ribadas Gómez, a efectos de tomar posesión dos seu cargo de conformidade co establecido no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril (en relación co art. 108.8 da LOREG), procede a prestar promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Ordes con lealdade ao Rei, e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, facéndoo ante todo os presentes.

Intervén o Sr. Alcalde, que lle da a noraboa e lle desexa moito traballo e éxitos polo ben dos veciños de Ordes. É o que espera que faga como concelleiro de Unión por Ordes (UxO) en Ordes.

PUNTO TERCEIRO: RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 13/12/2019, DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2020.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 13/12/2019, de participación no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020"** da Deputación Provincial da Coruña.

Vistas as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2020 (BOP nº 208, de data 31/10/2019).

Visto que segundo o art. 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP), cando a natureza ou o obxecto do contrato o permita, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes.

Visto que non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente.

Visto que se consideraran motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, os seguintes [art. 99.3.b) da Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP)]:

- O feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultara a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Ambos extremos deberán ser, no seu caso, xustificados debidamente no expediente.

Visto o informe técnico (Anexo V) do investimento a incluír no POS+ 2020 (Acheга Provincial 2019) realizado polo técnico redactor do proxecto técnico Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, c. e p., no que se informa sobre a imposibilidade de realización independente de cada unha das partes que integran estas obras, e no que se sinala:

Denominación do investimento	División	Motivos xustificativos da non división
------------------------------	----------	--



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

	en lotes	Art. 99.3.b) Lei 9/2018, de 8 de novembro
Camiño da Aldea de Abaixo á Maquía e outros (Pereira)	Non	* Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico * Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo coa proposta de participación no POS e votarán a favor.

Intervén o Sr. Fernández Louro, voceiro do grupo político UxO, que sinala que todas as obras son necesarias, non van poñer trabas ao POS.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que fixeron unha serie de propostas, veñen recollidas en parte dúas delas na pista principal de Vilamaior entre o Peñasco, que se aglomerase ese vial ata o Casal que empeza a ter falta e tamén pediron o que comunica a Rúa, Buscás con Carballedo que foron incluídos no Plan Complementario, que dependera de se despois hai suficientes fondos para acometer esas obras, cales quedan dentro e cales quedan fora, non estando asegurada a súa execución. Ollan como, que é unha cousa que faculta o Plan Único que permite pasas fondos aos orzamentos municipais, pois 362.000 euros incrementaranse no orzamento municipal, non saben a que iran destinados por outra banda. Non se aclarou por ningún lado. Ven como todos os fondos que se propoñen non Plan van para chapapotes, non hai ningún tipo de dotación de servizos básicos á veciñanza. É algo que sempre intentan demandar. É o que votan en falta nesta proposta de participación no Plan Único de concellos. Con estas premisas van optar pola abstención. Recordar que agarda que desta volta as bases reguladoras do Plan foran lidas, por que na Base 4.2 se di: "(...) no caso de que haxa unha baixa de licitación no investimento, o concello beneficiarase da máxima baixa posible. Isto quere dicir que se o concello realiza voluntariamente algunha achega, no caso de que houbese baixa de licitación, esta aplicarase en primeiro lugar a minorar a achega municipal ata anulala, e despois minorará a achega da Deputación". Despois non veñan ao Pleno a dicir que nos rouban cartos, que nos faltan cartos que eran nosos, iso ven claramente especificado nas bases, é para que o teñen en conta para o futuro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle falta bastante para entender o que di esa base. As baixas son nosas, loxicamente se hai que facer aportación hai que facelo con diñeiro do concello. Isto nunca foi ningún tipo de problema, sempre nos incorporaran o diñeiro no ano 2015 e ano 2016, dende o ano 2017 ata hoxe seguen esperando por 761.000 euros. Aí llo di, si os proxectos supoñen máis deses cartos nos poñemos a aportación municipal ata completalos. O Sr. Vidal o que ten que facer é ler as cousas con criterio e non tratar de desvirtuar a realidade e sobre todo non mentir á veciñanza. A base está máis que lida, falada e contrastada cos técnicos que non entenden que as decisións políticas da Deputación Provincial sexa bloquear as baixas do diñeiro que lle corresponden aos veciños de calquera dos municipios que participan non Plan Único da Deputación. Se non xa lle explicará en que consiste este Plan Único no cal se asignan 700.000 euros e despois de quedan vostedes con eles e despois investilos como xa lle dixo no pleno de outubro en actuacións nominativas nos concellos que a vostedes lles interesan. Sigue tendo a relación de todas as accións nominativas e onde se están investindo e a maioría delas para desgraza dos concellos que non son da súa cor política están sendo investidas en concello do BNG, PSOE anteriormente tamén das mareas, Compostela Aberta e En Común Ferrol. Esa é a realidade do que aconteceu nos catro anos anteriores na



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Deputación Provincial. O POS está adaptado ás Bases, esa incorporación de 50% mínima está máis que garantida, sempre se fixo nas edicións anteriores, máis do 50% deses proxectos complementarios van a facerse. No resto faranse as aportacións complementarias correspondentes para poder sacalos adiante. Si nos devolven eses cartos poderán facer moitas das actuacións que vostedes están pedindo. Cando queira remítelle as incorporacións do ano 2016 e ven en base a que criterios se fixeron única e exclusivamente con esa Base 4.2, por que non hai outra no POS 2016, 2017, 2018, 2019 e 202, e a mesma e nese momento si que se puideron facer dúas obras coas incorporacións das baixas de licitación e non mudou a situación baixo ningún aspecto.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de trece votos a favor (9 grupo político PP, 1 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Ribadas Gómez), coas abstencións (1 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 13/12/2019, seguinte:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2020", "achega provincial 2019" e "préstamo provincial 2020":

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	362.744,63 €
Subtotal gasto corrente	362.744,63 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Camiño de Aldea de Abaixo á Maquía e outros (Pereira)	87.787,51 €	0,00 €	87.787,51 €
Subtotal investimentos achega provincial 2019	87.787,51 €	0,00 €	87.787,51 €

Aprobar os proxectos das obras incluídas no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A.	0182-6244-895-45812815	331.273,63 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		331.273,63 €

E) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
-----------	------------	----------	-------



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	0,00 €		0,00 €
	Achega 2020	0,00 €		0,00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	362.744,63 €		362.744,63 €
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	0,00 €		0,00 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2019	87.787,51 €	0,00 €	87.787,51 €
	Préstamo 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020	331.273,63 €		331.273,63 €
TOTAL	Achega 2020	362.744,63 €	0,00 €	362.744,63 €
	Achega 2019	87.787,51 €	0,00 €	87.787,51 €
	Préstamo 2020	331.273,63 €	0,00 €	331.273,63 €
	TOTAL	781.805,77 €	0,00 €	781.805,77 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos técnicos:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Camiño en Reboredo, Merelle e O Conde (Ordes)	65.725,05 €
Camiño de A Chan a Escola e outros (Montaos)	252.944,86 €
Camiño límite Mesía – AC-524 por Casal e Armada (Vilamaior)	128.265,54 €
Camiño Igrexa de Leira – Loureda – AC-409 e outros (Leira)	130.058,44 €
Camiño A Rúa – Carballedo (Buscás)	76.125,27 €
Pista dende AC-409 a Meitufe e outros (Leira)	91.636,76 €
TOTAIS	744.755,92 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que solicitará todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto técnico incluído polo Concello de Ordes **no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020** da Deputación Provincial da Coruña, que se indican a continuación:

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Orzamento do investimento
Camiño de Aldea de Abaixo á Maquiá e outros (Pereira)	87.787,51 €

(*) O acordo de non división en lotes do investimento anterior, xustificada polo informe do técnico redactor do proxecto técnico das obras, de conformidade co establecido no art. 99.3 da



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP), quedará xustificada no expediente de contratación.

7.- Declarar que non se solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

8.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

9.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

PUNTO CUARTO: APROBACIÓN PROVISIONAL IMPOSICIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA, APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS. APROBACIÓN PROVISIONAL ORDENANZA FISCAL.

Expediente de imposición da taxa pola utilización privativa, aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos. Aprobación provisional ordenanza fiscal.

Visto o informe técnico económico de determinación do valor de mercado da utilidade derivada do aproveitamento.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están a favor de que se acorde a imposición desta taxa, outros concellos xa o teñen feito, vai en beneficio da cidadanía.

Intervén o Sr. Fernández Louro, voceiro do grupo político UxO, que sinala que tamén están a favor desta taxa. Espera que despois non se repercuta nos usuarios destes servizos por que xa sabemos como traballan estas empresas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que esta é unha proposta do BNG do mandato anterior que foi aprobada polo pleno. Non van a estar en contra, todo o contrario, están a favor da imposición desta taxa ás empresas subministradoras de enerxía eléctrica, hidrocarburos, gas que cruzan as nosas vías municipais. Teñen dereito á súa imposición, é algo que veñen demandando e que van a apoiar.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 1 grupo político BNG, 1 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

I.- Aprobar provisionalmente a imposición da taxa pola utilización privativa, aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte e distribución



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos. Aprobación provisional da súa ordenanza fiscal.

II.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar os expedientes na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

III.- Rematado o período de información pública, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza. No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

PUNTO QUINTO: MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO DO CONCELLO DE DATA 28/11/2019, DE APROBACIÓN DO PLAN NORMATIVO ANUAL MUNICIPAL 2020 (ART. 132 LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO, LPACAP).

Visto o acordo Pleno do Concello, de data 28/11/2019, de aprobación do Plan normativo municipal para o ano 2020.

Vista a proposta de modificación do Plan normativo municipal para o ano 2019.

Visto o disposto no artigo 132 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo en que se aprobe un regulamento deste cemiterio.

Intervén o Sr. Fernández Louro, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo con este regulamento.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que non van a por obxección, están de acordo. O cemiterio debe dispor dun regulamento. Traballaran para dotalo no ano que ven.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 1 grupo político BNG, 1 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Modificar o acordo do Pleno do Concello, de data 28/11/2019, de aprobación do Plan Anual Normativo do Concello de Ordes para o exercicio 2020, segundo o preceptuado en artigo 132 de Lei 39/2015, de 1 de outubro, incluíndo no mesmo como norma de nova aprobación:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

- **Regulamento do Cemiterio Municipal de O Balado:** Aprobación dun regulamento que estableza as condicións de utilización do servizo de cemiterio municipal en O Balado, Ordes.

2.- Proceder á publicación desta modificación do Plan Anual Normativo do Concello Ordes, no Portal de Transparencia e comunicar o mesmo aos distintos Servizos do Concello para coñecemento xeral.

PUNTO SEXTO: CONTRATACIÓN EXECUCIÓN OBRA “VÍA VERDE DE SANTIAGO-CERCEDA (COMPOSTELA-TAMBRE-LENGUELLE). Tramo 2 (Ordes-Cerceda). Concello de Ordes. ENCOMENDA DE XESTIÓN.

Polos Concellos de Santiago de Compostela, Oroso, Ordes, Tordoia e Cerceda da provincia da Coruña púxose en marcha o proxecto Vía Verde de Santiago-Cerceda (Compostela-TambreLenguelle) que discorre polos terreos pertencentes ao ADIF correspondentes á infraestrutura da explanación do ferrocarril fora de servizo da parte da liña Zamora-A Coruña.

O proxecto construtivo da Vía Verde Compostela-Tambre-Lenguelle no tramo que discorre entre os Concellos de Oroso, Ordes, Tordoia e Cerceda foi dividido en tres tramos cos orzamentos de execución por contrata seguintes:

- Tramo 1 Santiago-Ordes (Concello de Oroso) 619.669,91 €.
- Tramo 2 Ordes-Cerceda (Concello de Ordes) 706.977,33 €.
- Tramo 3 Ordes-Cerceda (Concellos de Tordoia e Cerceda) 998.980,01 €.

Mediante resolución de Alcaldía, de data 18/09/2018 designouse á Deputación Provincial como interlocutor ante o Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE), para todas as xestións correspondentes a solicitude ao abeiro da convocatoria aprobada por R. D. 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixo en carbono, no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE nº 144, de data 17/06/2017) dunha subvención para a execución do proxecto construtivo da Vía Verde Compostela-Tambre-Lenguelle, Tramo 2 Ordes-Cerceda.

Mediante resolución do Director Xeral do Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE), de data 13/06/2019, concedeuse á Deputación Provincial ao abeiro do R.D. 616/2017, de 16 de xuño, a axuda FEDER seguinte:

Proxecto	Concello de actuación	Obxectivo específico / Medida	Investimento elixible admitido	Axuda outorgada (cofinanciación FEDER)
Vía Verde. Tramo 2	Ordes	OE 451 Medida 08	706.977,30 €	565.581,84 €

Mediante resolución de Alcaldía nº 791/2019, de data 26/11/2019, ao abeiro do establecido no art. 11.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro (LRXSP), realizouse unha encomenda de xestión á Deputación Provincial de A Coruña a tramitación do expediente de contratación e execución da obra Vía Verde de Santiago-Cerceda (Compostela-Tambre-Lenguelle) Tramo 2 Ordes-Cerceda (Concello de Ordes)

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que este proxecto é bo para o concello, non se van a opor a el.

Intervén o Sr. Fernández Louro, voceiro do grupo político UxO, que sinala que ven ben as obras, non saben despois o que será o custe de mantemento desta Vía Verde.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que lles choca a diferenza entre o importe do proxecto de 700.000 euros que se presenta para unha axuda do IDAE, conceden 565.000 e despois resulta que o custe do proxecto é de 557.000 euros. Non saben como vai a reaccionar o IDAE. Supoñen que é unha situación que a Deputación ten controlada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o proxecto primitivo tiña tres tramos, no tramo dous Ordes-Cerceda hai un tramo no medio que é de Tordoia, este tramo no proxecto definitivo non está na parte de Ordes, esta no Tramo 3 na parte de Cerceda. Cerceda e Tordoia licitan conxuntamente, Ordes e Oroso licitan por si sos. O proxecto 3, todos os proxectos foron divididos para non superar o importe máximo de un millón de euros marcado polo IDAE para acceder aos fondos FEDER, inclúe a Tordoia e Cerceda aínda que hai unha discontinuidade na súa actuación. esa é a razón do salto nas cantidades primitivas dos tramos ao que son os proxecto definitivos, que son os que agora se teñen que aprobar. As axudas foron concedidas con respecto aos proxectos primitivos. Agora as van a ter que encadrar, o máximo da axuda é do 80% do fondo FEDER. Non hai ningún outro problema.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o conxunto dos tres proxectos segue tendo a mesma contía o que varían son os tramos en cada concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o tramo dous de Ordes vai a ter unha discontinuidade ao meterse Tordoia no medio.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que aclarada a cuestión van a apoiar esta medida.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 1 grupo político BNG, 1 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. Aprobar o proxecto técnico das obras Vía Verde de Santiago-Cerceda (Compostela-Tambre-Lenguelle) Tramo 2 Ordes-Cerceda (Concello de Ordes), redactado por Enrique de Arteaga Garrido, enxeñeiro de camiños, c. e p. cun orzamento base de licitación (con IVE) de **557.065,83 €**.
2. Ratificar a Resolución de Alcaldía nº 791/2019, de data 26/11/2019, de encomenda de xestión á Deputación Provincial de A Coruña a tramitación do expediente de contratación e execución da obra Vía Verde de Santiago-Cerceda (Compostela-Tambre-Lenguelle) Tramo 2 Ordes-Cerceda (Concello de Ordes), facultando ao Sr. Alcalde para a sinatura do correspondente convenio no que se formalice esta.
3. Asumir o compromiso de proceder ao mantemento e conservación deste Tramo 2 de vía verde a partir da data de sinatura da acta de entrega das obras.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás quince horas e trinta minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO